

MESA SECTORIAL

04/10/2023

PUNTO ÚNICO DA ORDE DO DÍA: ACORDO SOBRE MEDIDAS QUE MELLORAN O FUNCIONAMENTO DO SISTEMA EDUCATIVO E agrupa AS CONDICIÓN LABORAIS DO PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL DOCENTES DA COMUNIDADE DE GALICIA QUE IMPARTE AS ENSEÑANZAS REGULADAS NA LEI ORGÁNICA 2/2006, DO 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN.

A Administración presenta un novo documento de proposta de Acordo. Tras 5 minutos de receso para poder mirar as modificacións con respecto ao documento da mesa sectorial do luns 2 de outubro intervimos as Organizacións Sindicais.

Para ANPE Galicia este documento presentado hoxe está aínda moi lonxe de ser susceptible de asinar por parte da nosa organización. ANPE leva anos facendo unha intensa campaña sobre tres piares fundamentais que son liñas vermellas na negociación para nós. Unha desas liñas vermellas, que non se contemplan no documento presentado no día de hoxe, é a **redución do horario lectivo do profesorado.**

18H. SECUNDARIA
21H. PRIMARIA

Seguimos manifestando, como xa fixemos na Rolda de Prensa de comezo de curso, **que estamos dispostos a facer convocatoria de folga se non se trata o tema da redución do horario lectivo.**

Con respecto ao documento presentado hoxe, seguimos botando en falta a Exposición de motivos.

En relación a redución de rateos o calendario proposto (a 9 anos vista) sigue sendo para ANPE inasumible. Debemos facer, de todos os

xeitos, unha valoración positiva da incorporación do apartado 2.2 que evita supresións. Sen embargo, **seguen sen contemplarse redución de rateos na ESO, no Bacharelato e en Ensinanzas Especias o cal é inaceptable para a nosa Organización.**

— RATIOS
+ PROFESORADO

No apartado 2.4 vemos un avance con respecto ao documento inicial presentado o luns máis cremos que **fai falta falar do alumnado con necesidades específicas.**

Para finalizar este apartado 2 cremos que é importante para evitar supresións e problemas de redución de profesorado **que se recupere o acordo de agrupamentos e o cumprimento dos catálogos en primaria.**

En relación ao incremento mensual da contía dos sexenios continuamos vendo insuficiente a proposta da Administración e **reiteramos a nosa proposta establecida o luns pasado.**

Insistimos en que debe retirarse o apartado 3.2. No caso de manterse consideramos que debe esixirse un nivel máis baixo como pode ser o A2 e non o B1.



En relación ao apartado 4 de incremento por desempeño de órganos unipersoais de goberno,

MESA SECTORIAL

04/10/2023

seguimos reclamando un aumento do 60% a un ano e do 90% a dous anos.

No apartado 4.2 demandamos que se estableza un complemento retributivo para todas as coordinacións.

Consideramos tamén un avance a inclusión do apartado 5 de incremento do importe mensual do complemento por función titorial xa que afecta a todo o profesorado mais vemos insuficiente a contía de suba proposta pola Administración do 10% nin vemos acaído que se produza no ano 2025 (ANPE propón un 25% no ano 2024 e un 35-40% no 2025)

En relación ao apartado 6 de medidas complementarias demandamos que se especifique o incremento das axudas recollidas no apartado 6.3 e se inclúa a posibilidade de establecemento dun curso “sabático”.

A Administración recolle as propostas sindicais e elaborará un novo documento para proseguir a negociación o venres ás 10:30 horas. Comprométese, nese novo documento, a abordar a redución do horario lectivo do profesorado, a ampliar o apartado de inclusión de repetidores e alumnado con necesidades nas rates e ampliar tamén as contías dos importes.



Reclama á Consellería



É importante reforzar, así mesmo, a realización efectiva do cargo de titor. Nos ROC's debe abordarse a redución do horario lectivo para os que realizan estas tarefas así como, valorar a creación dun complemento retributivo específico e o establecemento dun límite a alumnos a titorizar.

